

Control de Marcas Sub14

Pistas Balaídos (Vigo) 11 Setembro 2026

REGULAMENTO

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 11 de setembro de 2026 nas pistas municipais de Balaídos (Vigo)

Art.2) Poderán participar atletas con licenza en vigor, na categoría Sub 14.

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 23:45 horas do luns 7 de setembro. - Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta. - Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2025 e 2026. No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas. - En caso de necesidade farase un sorteo entre os atletas sen marca.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas. - Rematará ás 14:00 horas do mércores 9 de setembro e serán remitidas a servizos@atletismo.gal

Art.5) Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.6) **Horario:**

MASCULINO	HORA	FEMININO
80 m.v /Salto de altura	18:30 h	Salto de altura
Lanzamento de xavelina	18:40 h	80 m.v / Lanzamento de xavelina
1.000 m.l	18:55 h	
	19:10 h	1.000 m.l.
Lanzamento de peso	19:30 h	80 m.l / Lanz. de peso
80 m.l	19:40 h	
Salto de lonxitude	19:45 h	Salto de lonxitude
Remudas 5x80	20:15 h	
	20:25 h	Remudas 5x80

Art.7).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións: - As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a servizos@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 6€ por atleta. - Calquera baixa con posterioridade ás 14:00 do mércores previo ó inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba. - Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.8).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.
